



A VARIACIÓN E A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA



A VARIACIÓN LINGÜÍSTICA

Son as linguas uniformes?



Variedades das linguas

- A variación intralingüística abrangue as variedades internas, comunmente denominadas dialectos, “acentos”, xergas, falares etc.
- Manifestáanse en catro planos ou eixes:
 - **Temporal ou histórico:** variedades diacrónicas.
 - **Espacial ou xeográfico:** variedades diatópicas.
 - **Sociocultural:** variedades diastráticas.
 - **Situacional:** variedades diafásicas.



Variedades diacrónicas ou históricas



E tan toste, sen desden / e sen vergonna de
ren / aver, juntou o convento / e contoulles o
gran ben / que lle fezo a que ten / o mund' en
seu mandamento; / e por lles todo probar /
quanto lles dizia, / fez seu amigo chamar, /
que llo contar ya (CSM, séc. XIII)




Asi mó pediron
Na veira do mar,
A ó pé das ondiñas
Que veñen e van.

Asi mó pediron
Na veira do rio
Que corr' antr' as erbas
Do campo frorido.

[...]

Que cofias tan brancas!
Que panos con freco!...
Que dengues de grana!
Que sintas! que adresos!
(*Cantares gallegos*, séc. XIX)

A Real Academia Galega lamentou a escasa implantación do portugués nos centros educativos galegos e o seu presidente, Víctor Freixanes, reclamou unha maior presenza deste idioma nas escolas "como lingua irmá" para así "potenciar a proxección exterior" do galego.



Variedades diatópicas ou dialectais



Bloque occidental



- **Gheada**
- **Seseo** ao final da sílaba (*lus, des*) e, na parte occidental do territorio tamén ao comezo (*faser, sinco*)
- Terminación **–án** para os dous xéneros (*o/a irmán*).
- Pronome *ti*.
- Plural en **–ns** (*xamóns*).

<https://www.youtube.com/watch?v=Z6BJeMbJzXc> (bloque occidental)

https://www.youtube.com/watch?v=szimn66qU7w&ab_channel=ComercioDoMorrazo

<https://www.youtube.com/watch?v=Jkkruo8YkuM> (Mazaricos)

https://www.youtube.com/watch?v=wdO26vpOjGI&ab_channel=NoeliaG%C3%B3mezCalvo (bloque occidental)

Bloque central



- **Gheada** só na parte occidental.
- **Ausencia** case total de **seseo**.
- Terminación **-ao/á** (*irmao/irmá*).
- Pronomes *ti / tu*.
- Plura en **-s** (*xamós*).

https://www.youtube.com/watch?v=dO-bVZswtOc&ab_channel=FilgalportVigo

https://www.youtube.com/watch?v=Szx4Lx7tyXY&ab_channel=FilgalportVigo

https://www.youtube.com/watch?v=tw70bVzAmRE&ab_channel=Televisi%C3%B3ndeGalicia

https://www.youtube.com/watch?v=-X19xAKBF2I&ab_channel=politicalinguistica

Bloque oriental



- **Ausencia de gheada.**
- **Ausencia de seseo.**
- Terminación **–ao/á**
(*irmao/irmá*).
- Plura en **–is** (*xamois*).
- Pronome *tu*.
- Formas verbais en **–is**
(*cantais*).

https://www.youtube.com/watch?v=aGjM Js nzg&t=3s&ab_channel=IESdeRibadeo-Biblioteca%2CEDL

https://www.youtube.com/watch?v=p1d6bxLMdkA&ab_channel=galeguia (Bierzo)

https://www.youtube.com/watch?v=dqa2JUWhKqE&ab_channel=galeguia (Courel)

https://www.youtube.com/watch?v=khJz6kU0aS0&ab_channel=galeguia (Gudinha)

https://www.youtube.com/watch?v=lvY0-m539nU&list=PLzTJnx13Zq5B3xmGgl9ty2RWwyegvQsEs&index=24&ab_channel=politicalinguistica (Mariña)

https://www.youtube.com/watch?v=zJihVSMYLEU&ab_channel=Televisi%C3%B3ndeGalicia (contextualización do galego exterior)

Actividade



Reflexiona sobre os seguintes vídeos:

- a) Con que variedade da lingua está relacionado o contido dos dous vídeos?
- b) A que bloque lingüístico cres que pertencen os falantes do primeiro vídeo? E os do segundo?
- c) Que denuncia exactamente a rapazada en ambos os dous vídeos?
- d) Por que cres que os fenómenos dialectais poden ser motivo de mofa? (min. 5 liñas)

Para saber máis...

- Proxecto Arquivo do galego oral: <http://ilg.usc.es/ago/>
- Falas galegas de Estremadura:
<https://www.youtube.com/watch?v=RU2ZiZOdcOg&t=3s>



Variedades diastráticas / sociolectos

Determinadas polo nivel cultural e social. Ten que ver co coñecemento que se posúe da lingua.

Xerga: lingua específica dun determinado grupo social ou profesional.

Os niveis de lingua son:

- **Nivel culto** (+ coñecemento + corrección) *falecer, emprego*
- **Nivel medio** (+ corrección) *finar, traballo*
- **Nivel popular** (+ expresividade - corrección) *morrer, choio*
- **Nivel vulgar** (- coñecemento - corrección) *espichar, curro*

Nivel culto	Nivel vulgar
Lingua normativa	Incorreccións lingüísticas
Variedade e riqueza de léxico	Pobreza léxica; repeticións
Pronuncia coidada	Pronuncia relaxada; abundantes incorreccións (<i>verdá, probe, arradio...</i>); vacilacións...
Sintaxe complexa	Sintaxe sinxela, frases curtas, ás veces sen rematar
Uso de cultismos, estranxeirismos...	Vulgarismos, castelanismos, palabras malsoantes

Actividade

Completa o seguinte cadro cos termos correspondentes



VULGAR	POPULAR	CULTO
	morrer	
		emprego
		Impoñer unha sanción
	Especialista en paxaros	
Pasar de todo		
Dar a vara		
Papear		
		Oftalmólogo
	Roubar	
Pirarse		
Cabrearse		
	Trabucarse	

Variedades diafásicas/contextuais ou rexistros

Empréganse segundo a situación comunicativa.

	Usos	Características
Rexistro formal	Situacións solemnes e formais (conferencias, exames, entrevistas de traballo...)	Oracións longas e con subordinadas, vocabulario coitado e preciso, corrección lingüística (respecto polas normas gramaticais e, no caso dos textos escritos, polas regras ortográficas), abundancia de adxectivos, recursos literarios, pronuncia coitada, etc.
Rexistro informal	Situacións de confianza e familiaridade (conversas con amigos, mensaxes persoais...)	Oracións breves e sinxelas, vocabulario cotián, frases feitas e retrousos, trazos dialectais propios das distintas zonas, repeticións, palabras comodín (<i>cousa, cacharro, chisme...</i>), expresividade (interrogacións, exclamacións, aumentativos e diminutivos...), etc.

**FACTORES QUE CONDICIONAN A
ELECCIÓN DO REXISTRO ADECUADO**

O **lugar** no que nos encontremos (a aula, o recreo, o despacho do director, un bar etc.)

A **relación** entre os participantes (emisor e receptor): grao de familiaridade, xerarquía, idade etc.

O **tema** da mensaxe (a contaminación do planeta, a literatura medieval, a diversión da fin de semana etc.)

A **canle**: oral ou escrita (un exame, unha instancia, unha mensaxe de móbil etc.)

A **intención** da comunicación (aprobar un exame, convencer, informar, reclamar, provocar, divertir etc.)



- Que rexistro lingüístico está presente neste texto?
- Cales son as súas características?

Excelentísimo Señor Presidente, ilustrísimas señoras e señores académicos; miñas donas, meus señores, amigas e amigos: Antes de nada é unha obriga ineludíbel mostrar o meu agradecemento por terme nomeado para ocupar unha cadeira de numerario nesta Academia Galega, quizais a máis alta e representativa entidade cultural de Galicia, case en vésperas de cumprir o seu centenario, tal como a soñaron os seus impulsores e creadores: o noso gran poeta civil Manuel Curros Enríquez e o xenial creador da nosa Historia, o sabio Manuel Murguía, “pequeno de corpo e grande de esforzo”, que compartiu os seus traballos e parte dos seus días con Rosalía de Castro, a voz máis fonda e fermosa que cantou entre nós e, sen dúbida, a poeta máis completa que deu a Humanidade, e que conste que non esaxeramos. Non sei se teño merecido —dito isto sen falsa modestia— a distinción coa que me honrades ao chamarme entre vós. O que si sei é que me sinto enormemente satisfeito por formar parte dunha institución á que pertenceron Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas, Noriega Varela, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Daniel Alfonso R. Castelao, Florentino López Cuevillas, os irmáns Vilar Ponte, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro e Aquilino Iglesia Alvariño, figuras imprescindíbeis na nosa cultura e na do mundo.


Discurso de ingreso de Manuel María na Real Academia Galega



- Que rexistro lingüístico está presente neste texto?
- Cales son as súas características?

Fun tamén violinista. Non, muller, non tocaba. Eu só amagaba nun anuncio de televisión. E aínda gañei bastante pasta por non facer nada! Porque a min, a min o que me gusta é rañar a barriga. Aquí parezo moi aplicado pero eu, bah, se puidera non traballar... Traballar moito non é bo para o corpo. Dígocho eu. Pedín a baixa permanente pola urticaria e case me botan fóra da mutua por desvergonzado. Ai, que mal lle pareceu, que mal lle pareceu, non me quero acordar... Para que vira que son boa persoa expliqueille que era voluntario de Protección Civil. Vaia, só para o fútbol e para os concertos de verán. Pasas de balde! Ás veces dan un *bocata* e coñeces xente. Fuches ao concerto de Fito & Fitipaldis? *Soldadito marinero, conociste a una sireeeeenaaaaa.*

Rosa Aneiros: *Ás de bolboreta* (adaptación)



Reflexionamos...

Unha presentadora da TVG, Lorena Pose, deixa de utilizar a 'gheada'

Non hai variedades *mellores* ou *peores*; todo depende do contexto sociocultural e da situación comunicativa.

Para “falar ben” unha lingua cómpre ser quen de cambiar de rexistro segundo a situación ou contexto, isto é, dominar tantos os rexistros formais como os coloquiais.



1. Analiza por que chama a atención o xeito de falar do rapaz:

- Onde se encontra?
- A quen se dirixe?
- De que tema está a falar?
- Cal é a súa intención?
- En función da análise anterior, consideras que a súa «forma de falar se adecúa á situación comunicativa na que se atopa. Pensas que a súa comunicación terá «éxito», é dicir, acadará obxectivo esperado?
- Intenta expresar o mesmo dun xeito máis apropiado ao contexto

Actividades

Explica a diferenza entre estas secuencias:

- ❑ *Como estaba trompa, marchou para o sobre sen meter nada no bandullo.*
- ❑ *Debido ao seu estado de embriaguez, retirouse para o seu dormitorio sen inxerir ningún alimento.*
- ❑ *Como estaba bébedo, foi para a cama coa barriga baleira.*

Seguindo o modelo anterior, escribe dúas variantes do seguinte enunciado.

Non introduzas a falanxe nas fosas nasais.

Facede entre todos un breve vocabulario da xerga estudantil / xuvenil.



Contesta as preguntas lembrando o que demos nesta unidade

- 1) Que factores inflúen na variación lingüística?
- 2) Como se denominan as diferentes variedades que existen dentro dunha lingua?
- 3) Que tipos de rexistros lingüísticos coñeces?
- 4) A que tipo de variedade se asocian os dialectos?

A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA



As funcións sociais da lingua

- As **linguas** teñen como función básica a de servir como medio de comunicación entre os distintos membros dunha comunidade.
- Dependendo dos usos que se fagan destas, distinguimos as seguintes funcións específicas:
 - **Función de identidade:** como se artella o pensamento dunha persoa.
 - **Función familiar:** interacción entre os membros dunha familia.
 - **Función laboral:** posibilita a interacción nos lugares de traballo.



As funcións sociais da lingua

- **Función local:** favorece o contacto entre persoas do mesmo contorno.
- **Función institucional:** propicia a comunicación entre a cidadanía e as institucións.
- **Función cultural:** serve para expresar e recibir os saberes culturais, científicos etc.
- **Función internacional:** lingua franca (inglés).



A diversidade lingüística

- No mundo fálanse arredor de 7000 linguas, pero só están censadas arredor de 5000.
- Estas linguas repártense en, aproximadamente, 200 estados, así que podemos afirmar que a maioría de países son **plurilingües**.
- **Distribución irregular:** maior diversidade lingüística en Oceanía ou África
a respecto de Europa, por exemplo.
- As linguas historicamente emparentadas distribúense en **familias lingüísticas**.



A diversidade lingüística

- Esta diversidade lingüística correspóndese coa variedade de situacións nas que se atopan as linguas desde o punto de vista político e xeográfico. Así, distinguimos:
 - **Linguas con estado e linguas sen estado** (ex: o italiano en Italia e o bretón en Francia).
 - **Linguas oficiais en máis dun estado** (ex: portugués, español, francés...).
 - **Estados unilingües** (ex: Islandia, San Marino, O Vaticano...).
 - **Estados plurilingües** (ex: China).



- **Le o seguinte texto e responde as cuestións relacionadas.**

- a) O mito da Torre de Babel pretende darlle unha explicación á existencia de moitas linguas. Comenta o que saibas sobre este mito. Que valoración fai sobre a diversidade lingüística? Fala sobre a pertinencia desta na actualidade.
- b) Explica cal é o posicionamento de Castelao ante a diversidade lingüística.
- c) A diversidade lingüística empobrece ou enriquece á humanidade? Xustifica a resposta.

Algúns homes —galegos tamén— andan a falaren d-un idioma universal, único para toda a nosa especie. Son os mesmos que buscan a perfección baixando pola escala zoolóxica, deica sentiren envexa das formigas e das abellas. Son os mesmos que perderon o anxeio de chegaren a ser deuses, e renegan das inquedanzas que produce a sabiduría. Son os mesmos que consideran o mito da Torre de Babel como un castigo, e renegan da vida ascendente. Mais eu dígolles que a variedade de idiomas, coa súa variedade de culturas, é o signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animais. Velaí vai a demostración: un can de Turquía ouvea igual que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas rincha igual que un cabalo da Bretaña. ¿E sabedes por que? Porque os pobres animais aínda están no idioma universal...

Podemos e debemos aspirar a que eista unha língoa internacional, coa que poidamos andar pol-o mundo i entendernos con xente de todol-os povos... língoa auxiliar, deprendida como asignatura. Os homes aspiramos a este ben por lei natural, da mesma maneira que non renunciamos á variedade de idiomas... o obstáculo para chegarmos ao establecemento d-unha língoa internacional está producido pol-a ambición das catro u cinco línguas que puñan para chegaren á hexemonía cultural do mundo.

Castelao, *Sempre en Galiza*.

As familias lingüísticas

- A metade da poboación mundial fala hoxe en día **linguas indoeuropeas**.
- O **indoeuropeo** é o conxunto de idiomas que se estenderon entre a India e o oeste de Europa, e que teñen unha orixe común e unhas semellanzas lingüísticas.
- O tronco indoeuropeo comprende doce grupos de linguas, entre os que se atopa o **itálico**, de onde deriva o **latín**.



Linguas románicas

- As linguas da familia indoeuropea (xermanas, célticas, románicas, eslavas, gregas, bálticas...) constitúen a práctica totalidade dos **idiomas europeos** actuais, agás o éuscaro (País Vasco), o maxiar (Hungría), o finés (Finlandia) e o turco (Turquía).
- Do **latín** derivan as **linguas románicas, romances** ou **neolatinas**, entre as que se atopan as de Península Ibérica, agás o éuscaro.
- As principais **linguas románicas** son as seguintes: romanés e dálmata (hoxe desaparecido), italiano, romanche, galego, portugués, castelán e catalán, francés e provenzal e sardo.



Estados monolingües e plurilingües: linguas minorizadas e linguas minoritarias en Europa

- A **maioría dos estados europeos son plurilingües**, aínda que o status legal e consideración que estas linguas posúen varían moito dun país a outro.
- De acordo co emprego que se faga das linguas, estas pódense clasificar en:
 - **Linguas dominantes** (hexemónicas) vs. **linguas dominadas** (minorizadas).
 - **Linguas maioritarias** vs. **linguas minoritarias**.
 - **Linguas oficiais ou de estado** vs. **linguas non estatais**.




Linguas hexemónicas, minorizadas e minoritarias

- Podemos clasificar as diferentes linguas do mundo atendendo a dous parámetros: **número de falantes** e **status ou recoñecemento na sociedade**.
 - **Nº de falantes:** linguas maioritarias vs. linguas minoritarias.
 - **Status ou recoñecemento na sociedade:** lingua oficial ou hexemónica, lingua cooficial, lingua minorizada e lingua franca.



As linguas de España

- En España fálanse sete linguas, das cales cinco gozan de status de oficialidade.
- Estas son: **galego, castelán, catalán, éuscaro, aranés, aragonés e asturiano** (ou astur-leonés).
- O galego fábase en Galicia e nas zonas limítrofes de Asturias, León, Zamora e no val de Xálima (Extremadura).
- O asturiano e o aragonés están amparados polos seus estatutos de autonomía, que declaran que gozarán de protección.



Actividades



Elabora, co programa Canva, unha infografía sobre as linguas de España que integre os seguintes elementos:

- Linguas faladas en España.
- Territorios polos que se estenden.
- Nº aproximado de falantes.

Clasifica as linguas de España segundo o status ou recoñecemento na sociedade en:

- linguas oficiais ou hexemónicas
- linguas cooficiais
- linguas minorizadas

A lusofonía

- Enténdese por **lusofonía** a entidade que engloba os países de fala portuguesa.
- O obxectivo da lusofonía é fomentar e potenciar as relacións entre os falantes e as comunidades ou nacións integradas nesta entidade.
- O portugués é lingua oficial en Portugal, Brasil, Angola, Mozambique, Cabo Verde, Guinea-Bissau, São Tomé e Príncipe e Timor Leste.
- O portugués e o galego foron orixinariamente a mesma lingua e compartiron gran parte da súa historia ata a súa separación definitiva no século XIV.



Bilingüismo e diglosia

- A existencia de dúas linguas nun mesmo territorio pode implicar unha desigualdade nos usos de ambas as linguas e provocar a aparición do **conflito lingüístico**.
 - **Bilingüismo**: capacidade para expresarse en dúas linguas. Existen dous tipos: **individual** e **social**.
 - **Diglosia**: prodúcese cando conviven dúas linguas na que unha delas está en situación de inferioridade a respecto da outra. Pode ser de dous tipos: **endodiglosia** (variedades da mesma lingua) e **exodiglosia** (linguas diferentes).



Le o seguinte texto e responde as cuestións relacionadas.

- a) Elabora un resumo do texto.**
- b) Cal é a máxima preocupación de Clara?**
- c) Explica, a respecto do contido do fragmento, o concepto de diglosia.**

Teño un ano e poucos días e cando escoito Clara presto atención. Escoito as persoas que viven nesta casa e aprendo cousas todos os días. Mamá ten outro nome, que é Laura, e cando mamá chama por Tomás sei que ese é papá. De vez en cando veñen outras persoas á casa, e as que teñen enrugadas as ollos e sempre están rindo son avó e avoa. Tamén está Rula, que é pequeniña e vive dentro dunha gaiola.

Sei que estou nunha idade complicada porque o día menos pensado teño que comezar a falar, que é algo que non se fai todos os días. Falar facilita moito as cousas. Cando saiba falar por fin van saber que se choro de noite non sempre é porque teña sede ou me doía a barriga, porque ás veces soño cousas que non entendo. As cousas que non entendo son moitas aínda que hai unha que me preocupa especialmente.

Nesta casa falan dunha forma moi estraña. A mamá, a papá e aos avós cando están comendo, por exemplo, escóitolles palabras como “sopa”, “pásame o pan”, “un pouco de sal” ou “biscoito”. Eu poño o oído e escoito e vou aprendendo.

Rula é unha persoa diferente, fala dunha maneira que se chama cantar ou asubiar, que llo escoito a mamá: “Que ben canta Rula”, ou “Asubía un pouquiño, Ruliña”. Antes, cando estaba soa, ás veces intentaba falar como Rula, pero nunca sabía o que quería dicir. Como Rula só sei dicir, fffi ou fiffu.

Le o seguinte texto e responde as cuestións relacionadas.

- a) Elabora un resumo do texto.**
- b) Cal é a máxima preocupación de Clara?**
- c) Explica, a respecto do contido do fragmento, o concepto de diglosia.**

Aínda que ese non é o problema, porque realmente ninguén fala como Rula nesta casa. Mamá dille de cando en vez cousas lindas: “A ver, bonitiña, aquí che traio este alpiste”; mais dillo como fala mamá, sen ruídos raros.

O problema que teño é que, por exemplo, mamá cando fala de min con papá di “A nena está esperta” e de repente vén onda min e dime: *Ay, mi niña, que ya despertó. Ya despertaste, Clara?* E eu sei que Clara son eu, mais aínda non sei por que me chama *mi niña* se eu son “a súa nena”.

Papá fai o mesmo, está falando coa avoa e di “A nena debe de ter fame” e vén e dime *Clara, cosita, tienes hambre?* E eu abro moito os ollos, intentando comprender que pasa aquí.

É unha situación estraña que se repite continuamente. Entre eles non, mais comigo cambia a forma de falar. E agora estou nun dilema porque penso que están esperando a que eu me poña a falar un día destes. Eu xa sei dicir *ma-má* en segredo. Dígoo cando estou soa porque quero **practicar** e teño medo de que cando o vaia dicir por primeira vez me saia mal. Mais o meu dilema é que non sei se botar a falar como falan meus pais cando falan entre eles e con meus avós ou se poñerme a falar desoutra maneira en que me falan a min.

Eu é que a meus pais non os acabo de entender. De momento non se aclaran. Aínda que, se non queren que fale coma eles, as súas **razóns** terán. Digo eu...

Actividades



1. “A diglosia provoca sobre a lingua minorizada unha presión social que a pon en serio perigo de desaparición”. Que quere dicir esta afirmación? Podes poñer algún exemplo desta presión social que sofre acotío a nosa lingua?
2. Ordena cronoloxicamente as seguintes etapas da substitución lingüística:
 - a) Perpetuación do prestixio da lingua foránea.
 - b) Desaparición da lingua propia pola ruptura xeracional.
 - c) Primeiros contactos da lingua foránea, minoritaria, cos eidos de prestixio.
3. Visiona o seguinte vídeo e responde a seguinte cuestión:
<https://www.youtube.com/watch?v=b4AnNscT1UA>
 - a) Cres que a lingua galega acadou xa a normalización hoxe en día? Xustifica a resposta. En caso negativo, propón medidas para a normalización lingüística.

Conflito lingüístico. O ecolingüismo.

- O **conflito lingüístico** xorde cando dúas linguas compiten por desempeñar todas as funcións posibles.
- As causas adoitan ser de carácter histórico:
 - **Procesos de expansión e de unificación política.**
 - **Presión cultural e económica.**
 - **Movementos migratorios.**



Conflito lingüístico. O ecolingüismo.

- A respecto deste conflito lingüístico existirán dous posicionamentos encontrados:
 - **Uniformismo lingüístico:** utilización dun único idioma común para todo o mundo (diversidade lingüística como obstáculo).
 - **Ecolingüismo ou ecoloxismo lingüístico:** mantemento, conservación e promoción da lingua propia e uso da segunda lingua para a comunicación con outras comunidades lingüisticamente distintas.

